

A ilusión é o motor que nos impulsa na vida, nesta historia inspirada na exótica India

Álex Mene (texto) e Blanca G. Crespán (ilustración) volven xuntar a súa inspiración nun novo álbum ilustrado para primeiras lecturas. Despois do seu debut en 2018 con *A raíña das tortas* (Verdemar) regresan en 2022 con *A encantadora de serpes*, unha nova historia onde a ilusión é o motor que nos impulsa na vida. Alvarellos Editora publica este título no seu selo Verdemar, en galego e tamén en castelán (*La encantadora de serpientes*).

TEXTO CONTRACAPA

Un espectáculo marabilloso


ARGUMENTO

Este conto está inspirado na afastada India, na súa tradición e cultura. Alí, unha nena chamada Naisha, ten uns poderes moi especiais: é faquir, encanta serpes e mesmo camiña sobre as brasas. Aforra cartos para matricularse na escola de maxia, ilusionistas e faquires de Bombai, porque quere ser unha moi boa maga. Con esforzo e determinación vaino conseguir.

CLAVES PARA A LECTURA

Este álbum dinos que, con esforzo e con determinación, podemos chegar a conseguir os nosos desexos. Por moi singulares que sexan os nosos soños, por moi distintos ao que os demais agarden de nós. Este álbum celebra a diversidade e reivindica a ilusión como motor necesario para que cada nena e neno atopen o seu lugar.

As ilustracións (feitas con técnica mixta, a base de lápices de cores, acuarelas, collage, etc) están inspiradas na afastada India, na súa tradición e cultura, e capturan a maxia de oriente. Viaxamos coa protagonista polos mercados de especias, cheos de cor, e internámonos no teatro de sombras ao ritmo de hipnóticas danzas.



➔ Idade de interese: +3 ➔ Nivel de lectura: +5

Álex Mene (Vigo, 1969) debutou na literatura infantil en 2018 con *A raíña das tortas* (Verdemar) ilustrado por Blanca G. Crespán. Nestes anos recibiu numerosos recoñecementos pola súa obra, como o Premio de LIX Muíño do Vento en 2019, o 3º premio de Narración Breve Manuel Murguía ou o Premio de Poesía do Concello de Carral en 2021. É licenciado en Comunicación Audiovisual e doutor en Belas Artes.

Blanca G. Crespán é doutora e licenciada en Belas Artes. Encántalle a arte en tódalas súas formas e traballar coas mans. En 2018 publicou, con Álex Mene, o seu primeiro álbum, *A raíña das tortas* (Verdemar).



FICHA TÉCNICA 36 pp. 21,5 x 28 cms

ISBN **galego**: 978-84-18567-24-7 PVP: 16 €

ISBN **castellano**: 978-84-18567-25-4 PVP: 16 €

Capa dura. Cosido a fío. Papel ecolóxico. Impresión offset.

EDITORIA
alvarellos

verdemar@alvarelloseditora.gal
981522137 - 609908852